

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 20/02/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

ARGIMIRO SERÉN MERA

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 20/02/2023 reuníronse no Sala de xuntas, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 13-feb-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/0339

Dáse conta do escrito presentado por Dona Dolores Bouzas Rodríguez propietaria do comercio menor de flores "Nardos", solicitando sinalización dunha zona de carga e descarga á altura da rúa Rosalía de Castro nº15, para o desenvolvemento da actividade. A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado en base ao informe da Policía Local que sinala o seguinte:

- Xa existe unha zona a tal efecto no remate da Avda. da Mariña (á altura do nº128), dende a cal o traxecto ao establecemento ven sendo de beirarrúa.
- Diante do establecemento, a sinalización de amarelo implicaría perigo para a circulación se fose colocada antes do paso de peóns, e se fose diante do mesmo, a visibilidade para os vehículos procedentes da avenida Juan Carlos I veríase seriamente reducida.

PRP2023/0362

Dáse conta do escrito presentado por CD Fincas Vilagarcía, S.L. e/n C.P. Avda Cambados 50 Garajes, e o escrito presentado por D. Oscar Fandiño Doeste, solicitando o repintado de liñas amarelas e colocación de bolardos para impedir aparcamentos indebidos. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda:

- Na saída do garaxe do nº50 da Avda. de Cambados, alongar a zona de 4,5m de lonxitude pintada de amarela noutros 4,50m máis, ata a zona de zig-zag que hai ao final da beirarrúa.
- Pintar un zig-zag amarelo abarcando todo o longo da nova zona habilitada para a saída. Ademais repintar o ancho do vao e facer un cajetín estreito cun aspa cruzada en amarelo no seu

interior.

Dar conta ao departamento de obras para que leve a cabo os traballos de sinalización reflexados neste acordo.

PRP2023/0577

Dáse conta da proposta para aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantiles de España, para a consulta da titularidade real de sociedades mercantiles a través do Rexistro Mercantil. A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1- Aprobar o citado convenio de colaboración entre o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantiles de España, que ten por obxecto definir as condicións de acceso e características técnicas do servizo de acceso á consulta sobre a titularidade real de entidades inscritas nos rexistros mercantiles.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde para a firma do citado convenio de colaboración e de cantos documentos sexan precisos para alcanzar o obxecto do convenio.

PRP2023/0579

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro de Obras, Alumeadado, Servizos e Relacións Veciñais para a aprobación de gasto para a conexión da Rede de Pluviais da rúa Verderol-As Carolinas coa rúa da Coca:

O pasado 10 de outubro de 2022 adoptouse un acordo en Xunta de Goberno Local polo cal os propietarios da parcela con referencia catastral nº36060A033001180000GH sita na rúa Verderol-As Carolinas nº10 e da parcela con referencia catastral nº 36060A033001160000GZ sita na rúa da Coca-As Carolinas, autorizaban de forma gratuita ao Concello de Vilagarcía do dereito de paso dunha tubaxe de augas pluviais a través das súas fincas para dar saída á rede de augas pluviais que existe na rúa Verderol-As Carolinas hacia unha cuneta de recollida de augas pluviais que existe na parte final da rúa Coca, e comprometéndose o Concello á instalación de dita tubaxe e o seu posterior mantemento.

Para dar cumprimento ao compromiso do Concello se solicitou oferta á empresa Montajes J.M. Iglesias, S.L. para facer estes traballos, achegando un orzamento de 5.449,84€(ive engadido).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o orzamento de Montajes J.M. Iglesias S.L. cun importe de 5.449,84€(ive engadido) con cargo á partida 1530-210, para a realización dos traballos de conexión da rede de pluviais da rúa Verderol- As Carolinas coa rúa da Coca.

PRP2023/0580

Dáse conta do informe da Policía Local en relación ao escrito presentado por Dona Purificación Cores Padín sobre o cumprimento da normativa sobre horarios de apertura e peche do establecemento, así como funcionamento da terraza incluíndo o horario de inicio da actividade e recollida da mesma no bar Taberna da Vella.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Sra. Cores Padín o citado informe da Policía Local:

Fixoselle un seguimento á actividade e nas visitas ó establecemento, requireuse á responsable do mesmo para que non servira nin consentira o consumo no exterior da súa actividade fora dos horarios autorizados para o funcionamento da terraza.

A terraza está precintada con citas de balizamento e non a abren ata as 8: 00 horas, tal cual di o

artigo 17 da vixente ordenanza de terrazas, neste sentido non se detectaron infraccións, e en relación á recollida da mesma e traslado ó interior, segundo o disposto no artigo 24 da ordenanza, ó estar a mesma ubicada nunha propiedade privada, non ten a obriga de recollela.

Artigo 24: Retirada do mobiliario

Finalizado o horario de funcionamento da terraza ou velador, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado atendendo a criterios de accesibilidade, para non dificultar a mobilidade das persoas invidentes e posibilitar a limpeza das rúas e a recollida do lixo.

En canto ao horario de peche da terraza do establecemento, a Taberna da Vella ten licencia para bar e o seu horario de peche en inverno e ate as 00 horas e ás 01 horas as noites de venres, sábado e vísperas de fesivo, no horario de verán do 1 de xuño ao 30 de setembro sería media hora máis. Recentementoe non se detectaron incumprimentos.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/0523

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de xaneiro de 2023, por un importe total de 8530,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1110,00 €
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	3	x 110,00 €	980,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1110,00 €
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	3	x 110,00 €	980,00 €
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	3	x 110,00 €	1110,00 €
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	3	x 110,00 €	460,00 €
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª INMACULADA DIEZ VILLARROYA	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00 €
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	3	x 110,00 €	460,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	3	x 110,00 €	460,00 €
D. XOSÉ LOIS LEIROS GUDE	1	x 130,00 €	3	x 110,00 €	460,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	---	x 130,00 €	2	x 110,00 €	220,00 €
TOTAL					8530,00 €

PRP2023/0524

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe

total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de xaneiro de 2023, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/0462

Dase conta que trala adhesión do Concello de Vilagarcía ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CEMIT a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) vaise a proceder a entrega do seguinte material disruptivo a aula CEMIT de Vilagarcía::

- Impresora 3d e Kit de consumibles.
- Kit de robótica, composto por robots educativos e kits de construción.
- Drons.
- Gafas de realidade virtual e controladores.
- Kit de placas de comunicación e programación, composto por placas tipo Arduino e Raspberry Pi 4 Model Qual-core 64 bits.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0519

Dáse conta da publicación no DOG nº 22, de 1 de febreiro, da Orde do 9 de xaneiro da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), e se aproba a convocatoria para o ano 2023 (TR351F).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude á Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da citada Orde, dunha subvención para a contratación de 15 traballadores/as desempregados/as durante 9 meses, a xornada completa:

- 4 Peóns Obras Públicas
- 7 Peóns traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 4 Peóns forestais

Aprobar a aportación municipal por un importe de 63.456,75 €

PRP2023/0588

Dáse conta da publicación no DOG de 10 de febreiro de 2023, da Orde do 9 de xaneiro, da

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2023 (código procedemento TR331A).

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención ao abeiro da citada Orde para mantemento do servizo de orientación.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2023/0390

Dáse conta do testamento de D. Guillermo Campos García (parroco de Carril), que na súa cláusula segunda ordea, entre outros o seguinte legado:

- Á Biblioteca de Carril, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), os libros de índole social, que se encontran nas vivendas do testador.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Renunciar aos libros reflectidos no testamento, facendo constar que a dirección da biblioteca indica que non reciben ningún tipo de donacións.

- Agradecer a vontade de doazón do finado.

PRP2023/0526

Dáse conta do informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, seguinte:

Primeiro.- Que ten recibido informe do Profesor de Trompeta deste centro, Sr. D. Jorge Manuel Ferreira Bellón, ao respecto da organización do CURSIÑO DE TÉCNICA E INTERPRETACIÓN DE TROMPETA a impartir polo trompetista JUAN LOIS DIÉGUEZ e a celebrar os días 3 e 4 de de abril de 2023 no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa.

Achégase copia do Informe entregado polo Sr. Ferreira no que se reflicte de xeito pormenorizado a organización deste cursiño así coma o currículo do Sr. Lois Diéguez.

Esta actividade se plantexa en organización conxunta coa Asociación do Ensino Musical ATRIL, e figura recollida na proposta de actividades da Programación Xeral Anual do centro para o curso 2022-23.

Segundo.- O Cursiño de Técnica e Interpretación de Trompeta que impartirá o Sr. Juan Lois Diéguez, vai dirixido ao alumnado que cursa a especialidade de Trompeta no Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía, así coma a alumnos da EMM, a estudantes de trompeta do grao profesional doutros Conservatorios e xoves profesionais que desexen ampliar a súa formación.

Se contempla tamén a posibilidade de asistir coma oíntes á dito curso.

Terceiro.- O alumnado interesado deberá cubrir o boletín de inscrición a remitir por correo electrónico ou entregar nas oficinas do Conservatorio xunto co xustificante de ter aboado o importe do curso como data tope o Martes 14 de marzo de 2023. O pago da cota de inscrición dos alumnos interesados realizarase no IBAN da Asociación ATRIL, segundo se especifica a continuación:

- Alumnos activos do CMUS ou EMM50 €
- Alumnos activos doutros centros60 €

- Alumnos oíntes20 €

Posteriormente a Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL farase cargo do abono da factura correspondente que emita o Sr. Lois Diéguez en relación ao número de alumnos que asistan ao curso.

O Conservatorio Profesional de Música porá a disposición do Cursiño de Trompeta as instalacións que sexan precisas ao longo do días mencionados.

Todos/as os/as alumnos/as participantes recibirán un diploma acreditativo de ter participado como alumno/a activo/a ou oíntes do Curso.

Esta actividade non ten custo económico algún para o Conservatorio Profesional de Música.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización do Cursiño de Técnica e Interpretación de Trompeta que o Sr. Juan Lois Diéguez impartirá nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música os días 3 e 4 de abril de 2023 en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, nos termos reflectidos no informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, así coma no informe do profesor Jorge M. Ferreira.

SANIDADE

PRP2023/0481

Dáse conta da solicitude de D. Antonio Pérez Carballo, de transmisión ao seu favor de título habilitante para a prestación do servizo de taxi nº 34, da que é titular D. Christian Uriel Pedroza Durán.

Visto o informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e demais documentación obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a transmisión solicitada.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/0533

Dáse conta da publicación no DOG do día 27 de xaneiro de 2023 por parte da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes dunha Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación ambiental para o ano 2023 destinadas a entidades locais de Galicia.

O artigo 3.1.a) da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental inclúe... a) convocatoria de subvencións de natureza NON COMPETITIVA, destinada a aqueles concellos de Galicia cuxo territorio municipal estea dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico e, igualmente, aos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación, relacionados no anexos V da orde e que formulen:

1. petición de maneira individual.

No artigo 14.2 da Orde regúlase o orzamento máximo, importes máximos subvencionables e límite de subvención para gastos de funcionamento na liña en concorrencia non competitiva e establécese que “a cantidade máxima da subvención a tanto global por concello segundo esta

orde, será a suma das cantidades establecidas no anexo V. En ningún caso o importe da subvención poderá superar o orzamento total das actuacións para as cales o concello solicita subvención”. Segundo o anexo V ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle un importe máximo de subvención total de 10.924,57 euros, (2.467,20 euros en función do nº de aeroxeradores instalados no seu término municipal, e 8.457,37 € como importe máximo subvención pola lonxitude das liñas).

O artigo 4.4.h).2 establece como gasto subvencionable “ os proxectos de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de augas”.

A actuación que se propón será na rede de saneamento situada na parroquia de Vilaxoán e descorrerá pola Rúa Pica. A necesidade da actuación proposta vén determinada pola necesidade de conectar á rede de saneamento as vivendas existentes, así como canalizar as augas pluviais na Rúa Pica e Travesía Veiga do Mar.

O orzamento do proxecto básico e de execución desta obra ascende á cantidade de 34 621,95 euros (IVE incluído).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención na liña de CONCORRENCIA NON COMPETITIVA para a realización da actuación mencionada no proxecto “MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA PICA E TRAVESÍA VEIGA DO MAR”, por un importe de 10.924,57 €
- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención.
- Comprometerse a asumir a diferenza económica con cargo aos orzamentos municipais, en función do que finalmente resulte do procedemento de contratación.

PRP2023/0544

O día 03.01.2023 publícase no BOE a Orde DSA/1352/2022, do 22 de decembro pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais, destinadas a mellorar e impulsar o control poboacional de colonias felinas.

Segundo o artigo 4 da Orde as ENTIDADES BENEFICIARIAS son:

1. Os Concellos que dispoñan de programa de xestión ética xa establecido ou aprobado pola entidade local.

2. As deputacións provinciais e forais,, as comarcas, mancomunidades, ou outras entidades que agrupen varios municipios, sempre que nos municipios nos que se considere a actuación ou proxecto dispoñan dun programa de xestión ética xa establecido ou aprobado pola entidade local. A día de hoxe o Concello de Vilagarcía non dispón dun programa de xestión ética aprobado, QUE SERÍA OBRIGATORIO APROBALO NO CASO DE QUERER OPTAR POR ESTAS AXUDAS.

No convenio de colaboración entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación protectora de animais de Vilagarcía de Arousa, para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas existentes no termo municipal de Vilagarcía de Arousa asinado o 20.10.2022 establécese como compromiso da Asociación protectora avanzar na aplicación do protocolo CES nas colonias felinas, pero non se regula nada sobre a obrigatoriedade de establecer un programa de xestión.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOE.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda realizar os trámites necesarios para formalizar a solicitude de subvención citada.

PRP2023/0589

Dáse conta do escrito presentado pola Empresa Espina & Delfín SL, concesionaria do Servizo Municipal de Augas, informando que o pasado 4 de febreiro se recibiu unha alarma do sistema de anti-intrusismo do depósito de Zamar, en torno ás 22:00 horas.

Persoados no lugar comprobouse que a pechadura estaba forzada e que había outros danos na porta de acceso á cámara de chaves, onde se atopa o sistema de cloración e as válvulas de manobra.

Solicitan incrementar, na medida do posible, a vixilancia policial nas instalacións.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta á Policía Local.

TURISMO

PRP2023/0521

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que a Deputación financia, cunha achega de 6.000 € os gastos derivados da celebración do concerto gratuito do Grupo M-CLAN o día 19 de agosto, dentro das actividades das Festas de San Roque 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa, facendo constar que:

1º Cumpriuse a finalidade da subvención xa que o concerto foi celebrado o día 19 de agosto, como estaba previsto e xa figuraba no convenio, con gran aceptación por parte do público, momo foi recollido nos medios de comunicación con edición local.

Respecto a difusión do financiamento obtido pola Deputación, o anagrama desa entidade figura no programa das festas, no cartel e nas insercións publicitarias nos medios de comunicación escritos.

2º Os gastos xerados foron os seguintes.

PROVEDOR	Nº FRA	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO
NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L	037	CONCERTO DE M-CLAN	30.250 €	23/08/2022

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/0554

Dáse conta da proposta da Área de Igualdade, de solicitude de subvención para equipamento do CIM de Vilagarcía de Arousa ao abeiro da convocatoria para 2023 das subvencións para rehabilitación, mellora e equipamento dos CIM, acreditados ao abeiro do Decreto 130/2016, no marco do pacto de Estado contra a violencia de xénero.

A través desta axuda preténdese mellorar o mobiliario do CIM coa reposición de distintos elementos que se detallan no orzamento. zo. Asemade necesítase repoñer o ordenador portátil que se usa dende a área para actividades externas tales como obradoiros, presentacións...

Estes elementos están contemplados como subvencionables no artigo 4 da Resolución antedita.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- A aprobación dos seguinte orzamentos:

-Teleservicio Instalaciones de Oficina SL - B36365369, para subministro de -5 cadeiras Trim TR58 Tex, brazos 2D, sincro, lumbar, base y marco respaldo poliamida negra, tapizado T82 negro.- 10 cadeiras SPACIO con brazos, carcass PVC negro, estrutura patas aluminizado, asiento tapizado

polipiel negro.- 1 Armario portas enteiras 44,9x100x198cm alto todo melamina color Haya.- 2 Estantes 25 mm. Normal 100 cm. Haya. - 2 Estantes 25 mm. Fixo 100 cm. Haya. -1 xogo 2 archivo telescópico armario 100. -1 ARMARIO "T1" 2OH, 100x44x82. SIN P. Haya. -1Estante 25 mm. Normal 100 cm. Haya. -1Caixoneira III, Tipo 1-B. 3 caixóns. Haya. -1Armario portas baixas, 44,9x100x198cm de alto, melamina color Haya. -2 Estante 25 mm. Normal 100 cm. Haya. -2 Estantes 25 mm. Fixo 100 cm. Haya. -4Arquivador 4 caixóns metálico en acabado negro, por un importe total de 5.676,29 € (IVE incluído).

- Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL - B36296440, para subministro de -1 ordenador portatil HO probrook. Notebook - canon LPI/HD SSD , Internos, por un importe total de 1.205,70 € (IVE incluído)

2º.- A designación da Directora do CIM Julia Barbosa Sánchez como profesional de referencia na xestión da subvención.

3º.- Solicitar a subvención polo importe total do orzamento: 6.881,99 € (IVE incluído).

CULTURA

PRP2023/0542

Vista a proposta da Concellería de cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga automática para o ano 2023 dos convenios Económico-Cultural aprobados en X.G.L. de 25-06-2018 entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a xestión de actividade nos Centro Socio-Culturais Non Municipais, como así se establece no cláusula TERCEIRA (DURACIÓN DO CONVENIO), con cargo á partida 334.48201:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA
CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO GATO NEGRO DE CARRIL	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira
CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO SIXTO	G-36016038	1.800,00€	Pedro Iglesias Barreiro
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL RECREATIVA CONTRA VENTO E MAREA (CENTRO CULTURAL DE A LAXE)	G-36172260	1.800,00€	Mª del Mar Lojo Otero.

PRP2023/0543

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga automática dos convenios Económico-Cultural aprobados en X.G.L. de 13-11-2017 entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións dos Centros Socio-Culturais municipais, como así se establece no punto IV (DURACIÓN DO CONVENIO), por un importe total de 32.400,00 € con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	Mª Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	Mª Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	Dolores Miramontes Piñón
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREOGÁN de O Piñeiríño	G-36137578	1.800,00€	Antonio Garrido Viñas
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mª del Carmen Múñiz Soto
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Isabel Rodríguez Tubio
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	Mª Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Xurxo Carlos Abuín Rodríguez
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	RAmiro Andrés Iglesias Santiago

ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1,800,00€	Mª Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	Mª del Carmen Vicente Rubianes
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julian Abuin Fontenla
AA.VV. A GOLPELEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	Mª Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Ínsua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Cándido Meixide Figueiras

CONTRATACIÓN

PRP2023/0371

Dáse conta do expediente de contratación CT 48/2022 tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar as obras incluídas no proxecto denominado "Construcción de novo Skatepark en Vilagarcía", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 309.724,50 € (sen IVE) e de 374.766,65 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

NIF: B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.

As ofertas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	MELLORA: aumento do prazo de garantía	MELLORA: partida 03.08: "Acondicionamiento e adecuación de puntos de luz"	MELLORA: partida 05.09: "Formación de cespede xardín clásico"
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A	308.392,69	3 AÑOS	NO	NO
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L	295.072,01	3 AÑOS	SI	Si

A mesa de contratación acorda remitir as ofertas presentadas polos licitadores ao arquitecto municipal, don Xosé Rodríguez Cuiña, para a súa avaliación.

Dáse conta do informe técnico emitido polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, en data 24 de xaneiro de 2023, en relación coas ofertas presentadas, que literalmente di:

En aplicación dos criterios de adxudicación fixados no prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación resulta que a puntuación que lle corresponde as ofertas é a seguinte:

LICITADOR	Oferta Económica IVE excluído	Puntos oferta económica	Aumento do prazo de garantía	Puntos prazo garantía	Mellora da partida 03.08	Puntos Mellora da partida 03.08	Mellora da partida 05.09	Puntos Mellora da partida 05.09	Total puntos
SODEIN	295.072,01€	30	3 anos	30	Sí	31,88	Sí	8,12	100
PRACE	308.392,69 €	2,73	3 anos	30	No	0	No	0	32,73

Consonte o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas a empresa SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L incorre en presunción de anormalidade.

A devandita empresa non presentou xustificación da oferta anormalmente baixa.

Polo tanto, propónse para a súa exclusión da licitación á mercantil SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. por non presentar xustificación da baixa anormal, no prazo outorgado ao efecto. Consecuentemente a mellor oferta sería a presentada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.”

A continuación, unha vez proposta a exclusión da clasificación do licitador SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L., procédese á valoración das proposicións admitidas de acordo aos criterios de valoración e adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación e o informe técnico emitido,

co resultado seguinte:

LICITADOR	Oferta Económica sen IVE	Puntuación oferta económica	Puntuación mellora: aumento do prazo de garantía	Puntuación da mellora da partida 03.08	Puntuación da mellora da partida 05.09	Total puntos
SODEIN	295.072,01€	30	30	31,88	8,12	100 (Proposto para a exclusión)
PRACE	308.392,69 €	2,73	30	0	0	32,73

Unha vez proposto ao órgano de contratación a exclusión do licitador SODEIN SOLUCIÓNS INTEGRAIS, S.L.; de conformidade coa avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B27808641 SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. Proposto para a súa exclusión
Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orde: 2NIF: A70319678 PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 32.73

Total puntuación: 32.73

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A exclusión da licitación da empresa SODEIN SOLUCIÓNS INTEGRAIS, S.L., de acordo co informe técnico emitido, ao non presentar xustificación algunha sobre a baixa anormal ou desproporcionada na que incorría a súa oferta.

2.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Construción de novo Skatepark en Vilagarcía” cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/2023, cun orzamento de licitación de 309.724,50€ (sen IVE), 374.766,65€ (con IVE), á empresa con CIF A70319678: PRACE, SERVICIOS E OBRAS, S.A., de conformidade coa súa oferta, por ser esta oferta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 171-61900.

A oferta do licitador é a seguinte:

Prezo ofertado: 308.392,69 € (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 64.762,46 € , o que totaliza un importe de 373.155,15 € (IVE incluído).

Melloras:

- Aumento do prazo de garantía.

PRP2023/0458

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Concepción Rúa Caneda, de reclamación de danos como consecuencia dunha caída na Av. Doutor Tourón, o día 23 de novembro de 2023, debido a unha obra que se atopaba sen sinalizar.

Dáse conta de informe da Empresa Moncosa OHS SA, que estaba realizando as obras, no que se indica:

1.- Que a obra en todo momento estaba sinalizada, coas sinais segundo constan no plan de seguridade, valos de obra e conos, ademais ese día como se estaba vertendo o formigón en soleira de beirarrúa, estaba cunha cinta de obra.

2.- Que a Señora ignorou todas as sinalizacións e coas súas máns procedeu incluso a levantar a cinta sinalizadora e esquivando os valos quixo pasar.

3.- Os feitos son unha imprudencia por parte da interesada, sen ter cabida a reclamación, xa que

a mesma se introduce nunha zona de obra con valo e coas súas mans aparta a cinta e esquivando os valos para intentar entrar, cando nesa zona de obra sinalizada só ten acceso os propios traballadores da empresa e persoal autorizado.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación presentada pola Sra. Rúa Caneda en base ao informe citado.

PRP2023/0471

Dáse conta da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de Pagamento Final da subvención concedida dentro do Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, para as obras de "Mellora Camiño Santa Mariña" na que se resolve:

- Que con cargo á anualidade 2022 debe realizarse o pagamento final do expediente por importe de oito mil douscentos cincuenta dous euros con cincuenta e tres céntimos (8.252,53 €).
- Que procede a minoración do saldo dispoñible para este expediente por importe de 13.190,97 € Trece mil cento noventa euros con noventa e sete céntimos na anualidade 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/0474

Por acordo da XGL, en data 04/07/2022, aprobouse, ao abeiro das bases publicadas no BOPPO do 20 de maio de 2022, a memoria da Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Vallellano, cuxo obxecto consiste na redacción dun proxecto básico e de execución da humanización e mellora de accesibilidade da Rúa Conde Vallellano, nunha superficie aproximada de 1.395,00 m² dando continuidade á humanización da Praza de Galicia e da Rúa Arcebispo Lago.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 2 de decembro de 2022, previa solicitude, concedeuse a este Concello unha subvención para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, á que este concello está adherido, por importe total de 48.841,65 €, para a redacción de tres proxectos, entre os que se encontra a "Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Vallellano".

Solicitado orzamento para a Redacción do Proxecto de "Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Vallellano", ao arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias NIF: 35464676X, oferta o seguinte:

Redacción de proxecto14.800 € + IVA

O prazo de execución será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de "Redacción de proxecto de Humanización e mellora de accesibilidade na Rúa Conde Vallellano", ao Arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias (NIF: 35464676X), por un importe de 14.800,00 € ao que lle corresponde un IVE 21% de 3.108,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación 17.908,00 € (IVE incluído), cofinanciado pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra mediante subvención concedida pola RED ÁGORA para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís, con cargo á partida 150.640.

PRP2023/0517

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do Centro Comercial Aberto de Vilagarzía de Arousa - Zona Aberta, solicitando a retirada do sinal situado na esquina do baixo nº 17 da Rúa Arcebispo Lago (establecemento comercial Maria Costureiro), xa que con motivo das obras de peatonalización da Rúa, o citado sinal non ten obxecto.

Dáse conta de informe da Policía Local favorable á petición.
A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á retirada da sinalización citada.
Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/0590

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto básico e de execución de "Mellora das redes de saneamento da Rúa Quintero (Trabanca Sardiñeira)", redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fariñas Martín, cun orzamento de licitación de 76.010,78 € (IVE incluído).

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/0551

Visto o expediente de gasto INT/2023/45 integrado pola relación de xustificantes F/2023/4 por importe de 38.004,25€.

Vista a Base 21^a.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21^a.2 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Os xustificantes de gasto derivados de contratos de servizos e/ou subministro de tracto sucesivo correspondentes ós últimos períodos do exercicio,(derradeiro trimestre), inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, así como de gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
- Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados dentro de programas municipais que teñan carácter continuo, execución e facturación mensual, para a imputación da mensuralidade de decembro do exercicio anterior ao orzamento corrente.
- Os gastos que cumprindo os requisitos do parágrafo anterior, o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/4, por importe de 38.004,25€ coa seguinte desagregación:

REX	Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/52	4003566999	31/12/2022	13.631,85	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG.,	Carta Certificada ES 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01

						SA	EXENTO) / Carta Certificada ES 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD
F/2023 /313	Rect-Emit- 202212261	20/12/2022	298,00	171	22615	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	Rect. Emit- 202212261 / RECAMBIO ASIEN TO BIOSALUDABLE / TRANSPORTE / ORDEN DE COMPRA N° 10262 CODIGO SERVICIO: 170 SERVICIO
F/2023 /403	2023- 002	05/01/2023	242,00	1720	213	ESPEC. EN Y MECANIZ. CALDERERIA, S.L.	REPARACION DE 2 PATINS DE DESBROZADORA
F/2023 /420	4049842274	12/01/2023	369,32	1720	213	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE
F/2023 /437	Emit- 85	17/01/2023	51,90	1720	213	DIPETRINTA, S.L.	65 S SOLDADOR 32W JBC
F/2023 /532	2023/01	02/01/2023	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA, DECEMBRO 2022. (URBANISMO).
F/2023 /534	16/22	29/12/2022	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE DECEMBRO 2022. (IGUALDADE).
F/2023 /544	123	09/01/2023	1.815,00	926	22706	JUEGUEN GARCIA, PABLO	PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN STREAMING DO EVENTO XXII TOMA DAS UVAS. (COMUNICACIÓN).
F/2023 /545	Q000001/2023	03/01/2023	40,00	2311	22106	RODRIGUEZ MARTINEZ, Mª PILAR	METADONA CLORHIDRATO SOL. 1% LITRO. (SPAD).
F/2023 /548	009/23	11/01/2023	335,00	912	22601	PAPELERIA ARINES, C.B.	BOLÍGRAFOS INOXCROM OBSEQUIOS VODAS. (ALCALDÍA)
F/2023 /549	007/2023	02/01/2023	12.600,00	943	466	EIXO ATLA. DO NO. PENINSULAR	COTA ANUAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023.
F/2023 /551	000001/2023	12/01/2023	40,00	2311	22106	GARCIA RODRIGUEZ, Mª TRINIDAD	SOLUCIÓN DE METADONA AL 1% 1 LITRO. (SPAD).
F/2023 /557	015/23	17/01/2023	58,50	2314	22610	PAPELERIA ARINES, C.B.	CAÑÓNS DE CONFETTI PARA A TOMA DAS UVAS 2023. (XUVENTUDE)
F/2023 /558	23006	16/01/2023	268,55	1720	213	PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN DESBROZADORA 545RX. (MEDIO AMBIENTE).
F/2023 /559	23005	16/01/2023	369,40	1720	213	PADIN SILVA, FRANCISCO	REPARACIÓN DESBROZADORA 545RX. (MEDIO AMBIENTE).
F/2023 /620	P000271/2022	30/11/2022	49,00	2311	22106	CHAVES CASTRO, MANUEL	SOL METADONA 10% 1000 CC. (SPAD).
F/2023 /621	P000001/2023	16/01/2023	49,00	2311	22106	CHAVES CASTRO, MANUEL	SOL METADONA 10% 1000 CC. (SPAD).
F/2023 /622	33P/22	04/09/2022	1.821,05	2314	22624	GONZALEZ VILLANUEVA, SIMON	ESCAPE ROOM URBANO (18 XULLO/12 AGOSTO). XUVENTUDE
F/2023 /865	01/23	31/01/2023	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DOS SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE ENERO DE 2023. (IGUALDADE)
F/2023 /906	Q000002/2023	30/01/2023	40,00	2311	22106	RODRIGUEZ MARTINEZ, Mª PILAR	METADONA CLORHIDRATO SOL. 1% . (SPAD).
F/2023 /907	2023/04	01/02/2023	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA EN ENXEÑERÍA. XANEIRO 2023. (URBANISMO).
F/2023	0/2023/83	31/01/2023	696,06	334	225	AUTORIDAD	TAXA DE OCUPACIÓN PARQUE PÚBLICO

/1008		023			PORTUARIA VILAGARCIA	DE	E AUDITORIO. 1º SEMESTRE 2023. (CULTURA).
		TOTAL	38.004,25				

PRP2023/0592

De conformidade co disposto na base 58ª das BEO 2022, dáse conta á Xunta de Goberno Local dos Informes da Intervención Municipal correspondentes a este Concello e á Fundación, relativos ao Período Medio de Pago (PMP) correspondente ao 4º Trimestre 2022 e que comprende as seguintes ratios:

Descripción de la Entidad	Ratio Operaciones Pendientes de Pago	Importe de Operaciones Pendientes de Pago	Ratio de Operaciones Pagadas	Importe de Operaciones Pagadas	Periodo Medio de Pago de la Entidad	Periodo Medio de Pago del Grupo
Concello de Vilagarcía Arousa	9,76	2.303.666,55	23,96	2.422.987,61	17,04	16,79
Fundación de Deportes Vilagarcía	10,56	154.374,60	3,09	14.891,99	9,90	16,79

PMP do grupo e das Entidades:

- Período Medio de Pago do Grupo (PMPG) 16,79 atópase dentro do límite legal
- PMP da entidade Matriz (PMPEM) 17,04 atópase dentro do límite legal
- PMP da entidade Dependente (PMPOA) 9,90 atópase dentro do límite legal

Asemade dáse do cumprimento da obriga de súa remisión ao Ministerio de Facenda. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 08:19 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.